



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Modelos e métodos na lingüística actual		Código	613836001
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Morales Lopez, Esperanza	Correo electrónico	e.morales.lopez@udc.es	
Profesorado	Morales Lopez, Esperanza Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	e.morales.lopez@udc.es x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>O obxecto desta materia é proporcionar ao estudiantado unha visión das distintas vertentes e metodoloxías presentemente dominantes na investigación lingüística, ben como o treinar para o uso dalgúns dos instrumentos metodolóxicos básicos dentro dunha orientación específica. Concretamente, os obxectivos da materia son:</p> <ul style="list-style-type: none">(a) Coñecer as principais correntes teóricas sobre o estudo da linguaxe.(b) Analizar e interpretar textos de teoría lingüística aplicando diferentes modelos teóricos.(c) Diferenciar os principais modelos lingüísticos e a súa fundamentación epistemolóxica.(d) Desenvolver habilidades para a análise crítica das liñas fundamentais no estudo das linguas desenvolvidas nos séculos XX e XXI.(e) Coñecer as técnicas que integran a metodoloxía actual de investigación lingüística como parte do método científico.(f) Adquirir as bases metodolóxicas, terminolóxicas e teóricas de procedementos de análises lingüísticas.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se prevé alterar os contidos inicialmente previstos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen -Actividades iniciais -Lecturas -Traballo tutelado</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican As sesións maxistrais e os seminarios desenvolveranse a través de Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. Utilizaranse as seguintes ferramentas: -Correo electrónico. Empregarase para formular pequenas consultas, programar titorías ou resolver dúbidas sobre as actividades marcadas polo profesorado. -Moodle. Empregarase, cando for necesario, para desenvolver os contidos teóricos da materia. -Teams. Empregarase para sesións maxistrais, para as cuestións derivadas do desenvolvemento de contidos prácticos e para o acompañamiento personalizado dos traballos tutelados e das diversas actividades.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Deixan de ser pertinentes as puntuacións referidas ás sesións maxistrais e ás actividades iniciais e depositáse na elaboración do traballo tutelado o total da cualificación final. Esta metodoloxía asenta na elaboración dun traballo de contido lingüístico, consensuado co profesor ou coa profesora preferencialmente no inicio do cuatrimestre. Cada estudiante ten de desenvolver un tema concreto, igualmente consensuado coa persoa responsable da docencia. O traballo require seguimento por parte desta (orientación, recomendacións na bibliografía etc.). Valorizaranse os resultados obtidos, a clareza expositiva, a calidade da lingua e a capacidade de chegar a conclusións propias. *Observacións de avaliación: Mantéñense, no xeral, as mesmas directrices que as que figuran na Guía docente. Con todo, a data de entrega do traballo tutelado amplíase até coincidir coa data oficial do exame, aprobada no seu día pola Xunta da Facultade de Filoloxía. Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 no traballo tutelado. A segunda oportunidade de xullo estará determinada polos mesmos condicionalismos que a de xuño.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Mantense a relación fundamental de referencias bibliográficas marcadas na Guía Docente. No entanto, tamén é preciso ponderarmos algumas alteracións no tocante a outros aspectos da bibliografía:</p> <ul style="list-style-type: none">(i) As lecturas poderán ser mudadas por outras accesíveis na rede ou disponibilizadas en Moodle.(ii) As recomendacións bibliográficas para os traballos tutelados poderán tamén ser mudadas por outras publicacións disponíbeis na rede ou en Moodle se o estudiantado for incapaz de acceder ás iniciais.(iii) Se houber alumnas ou alumnos con dificultades para se conectar, estudarase cada caso en particular de maneira a lles proporcionar, a través doutros medios, os materiais necesarios.
----------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística.
A2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
A3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.



A4	Capacidade dos estudiantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos.
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudiantes saibam aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudio.
B3	Que os estudiantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudiantes saibam comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudiantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudiando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudiantes para que adquieran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas más relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudiantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B9	Capacidade dos estudiantes para abrir vías de investigación novedosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B10	Capacidade dos estudiantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudio que integran o máster.
C1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, frecuentemente nun contexto de investigación e, máis ao pormenor, nun contexto de investigación lingüística.	BI1
Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudio.	BI2
Integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e valorizacións.	BI3
Habilitar estratexias de aprendizaxe que permitan ao alumnado continuar a estudar dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.	BI5
Adquirir coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas más relevantes actuais no ámbito dos estudos lingüísticos.	BI6
Adquirir os fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar nos principais modelos teóricos da lingüística actual.	BI7
Abrir vías de investigación innovadoras no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais.	BI9
Comprender as interrelacións existentes entre os diversos ámbitos de estudio que integran o máster, nun produtivo exercicio de transversalidade entre as materias e os contidos leccionados.	BI10
Comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas, centrándose nos modelos formalistas e funcionalistas.	AI1 AI2 AI3



Xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, uso de recursos na rede etc.).	AI9		
Aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de diferentes corpus lingüísticos.	AI4		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma (galego e español).			CM1
Pór en valor a enorme importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avanxo socioeconómico e cultural da sociedade, ben como, do punto de vista do individuo, a grande relevancia que posúe na súa realización persoal e laboral.		BI4	CM8

Contidos

Temas	Subtemas
1. A lingüística como disciplina	1.1. A complexidade do obxecto de estudo 1.2. A división en subdisciplinas lingüísticas
2. Ópticas no estudo da lingua e metodoloxías asociadas	2.1. A visión formal da lingua e as súas implicacións metodolóxicas. 2.2. A visión comunicativa da lingua e os funcionalismos.
3. Estudo dunha metodoloxía e as súas implicacións.	Teoría e praxe da aplicación dun modelo teórico

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A3 B2 B3 B5 B7 B10	0	30	30
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7	15	0	15
Traballos tutelados	A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8	0	40	40
Seminario	A9 B1 B3 B7 B10	5	0	5
Actividades iniciais	A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8	10	40	50
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Lecturas	As lecturas, tanto as obligatorias como as complementares, serven para o alumnado coñecer o estado da arte sobre un tema previamente marcado polo profesor ou profesora ou para aprofundar nalgún aspecto.
Sesión maxistral	Sesiós expositivas dos contidos da materia obxecto de estudio. Servirán para introduciren e presentaren os diferentes temas do programa, proporen cuestión para debateren e estableceren as directrices para as diferentes actividades e tarefas do curso.
Traballos tutelados	Trátase dunha metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado baixo a tutela do profesorado.
Seminario	Teñen como finalidade a supervisión do traballo do alumno ou da alumna no marco de grupos más reducidos.
Actividades iniciais	As actividades serven para o profesorado saber, a través dun medio práctico, cal é o nivel de partida do estudiantado. As actividades e prácticas que non foren iniciais teñen como principal meta que o alumnado aprofunde nun determinado tema ou aspecto dunha maneira eminentemente práctica, ben como que o estudiantado aprofunde na análise de fenomenoloxías lingüísticas tamén dun modo fundamentalmente activo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción



Traballos tutelados	Os traballos tutelados responden a una metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado baixo a tutela do profesorado. Por súa vez, o seminario implica, nun grupo máis reducido, a supervisión do traballo do alumno ou da alumnna.
Seminario	Noutra orde de cousas, poderanse adoptar as adaptaciones oportunas para o estudiantado con modalidades específicas de aprendizaxe.

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación	
Actividades iniciais	A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8	Outras actividades avaliables (comentarios, exercicios, lecturas etc.).	25	
Traballos tutelados	A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8	Tarefas relacionadas con cada un dos blocos do programa.	60	
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7	Neste tipo de sesión terase en conta a asistencia e a participación.	15	

Observacións avaliación
Cuestións xerais:
A. O alumnado terá de entregar os traballos e exercicios no prazo fixado, os cales deberán cumplir unha exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión lexica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).
B. Na segunda oportunidade de xullo, o alumnado poderá presentar unha nova versión dos traballos que non obtivesen o nivel suficiente. No caso dunha cualificación insuficiente nas seccións relacionadas coa asistencia e coa participación, a cualificación do traballo constituirá 100% da final. Caso houbase convocatoria adiantada de decembro, serán aplicados os mesmos principios de avaliación que na de xullo.
C. O estudiantado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puider asistir ás tutorías, deberá pórse en contacto cos profesores a través do correo electrónico. Tamén terán de contactar co profesorado aquellas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obteren a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.
Aviso importante: Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, inclusive pola/ mesma/o estudiante. Se se producir algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- (A) Dik, S. (1978). "Preliminaries", An introduction to functional grammar. Amsterdam: North Holland.- (A) García Gondar, F. / F. G. Rojo (2000). "A lingüística no século XX". Revista Galega do Ensino, 28/2, 221-245.- (A) López García, Á. (1998). "La lingüística del siglo XXI: ¿hacia dónde se dirige la ciencia del lenguaje?". en Gallardo Paúls, B. (ed.), Temas de lingüística y gramática, Valencia, Universidad de Valencia, pp- (A) Mairal Usón, R. / F.J. Ruiz de Mendoza (2010). "La lingüística como ciencia cognitiva. Presupuestos metodológicos para una teoría del lenguaje". en Mairal Usón, R. et al.. Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas. Madrid: UNED/Edit- (A) Martín Vide, C. (1996). "Parámetros para la reflexión sobre el lenguaje humano: a modo de introducción?". n C. Martín Vide (ed.): Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro, 11-26.- (A) Moreno Cabrera, J. C. (2018). Claves históricas de la lingüística actual. Madrid: Arco / Libros- (B) Alcaraz, E. (1990). Tres paradigmas de la investigación lingüística. Alcoy: Marfil.- (B) Butler, Christopher S. (2003). Structure and function: a guide to three major structural-functional theories. Amsterdam: John Benjamins.- (B) Cabré, M.T. / M. Lorente (2004). "Panorama de los paradigmas en lingüística?". Enciclopedia iberoamericana de Filosofía. Vol. Ciencias exactas, naturales y sociales, coordinado po- (B) Gil, J. M. (2001). Introducción a las teorías lingüísticas del siglo XX. . Santiago de Chile: RIL editores.- (B) Mairal Usón, R. et al. (2010). Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas.. Madrid: UNED/Editorial Ramón Areces.- (B) Heine, B. / H. Narrog (eds.) (2010). The Oxford handbook of linguistic analysis. Oxford: Oxford University Press.- (B) Ramallo, F. et al. (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais- (B) Sánchez de Zavala, V. (1982). Funcionalismo estructural y generativismo. Madrid: Alianza.- (C) Báez San José, V. (1988). Fundamentos Críticos de la Gramática de Dependencias. Madrid: Síntesis.- (C) Butler, C. et al. (1988). Nuevas perspectivas en gramática funcional.. Barcelona: Ariel.- (C) Calsamiglia Blancafort, H. & A. Tusón (2012). Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel.- (C) Eggins, S. (2004). An introduction to systemic functional linguistics.. New York: Continuum.- (C) Escandell, V. (1996). Introducción a la pragmática.. Barcelona. Ariel.- (C) Herrero Cedilla, J. (2006). Teorías de pragmática, de lingüística textual y de análisis del discurso. Cuenca. Universidad de Castilla-La Mancha.- (C) Ibarretxe-Antuñano, I. / J. Valenzuela (dirs.) (2012). Lingüística Cognitiva.. Barcelona: Anthropos.- (C) Machin, D. & Andrea M. (2012). How to do Critical Discourse Analysis. Londres. Sage.- (C) Moreno Fernández, F. (2012). Sociolingüística cognitiva. Proposiciones, escolios y debates. Madrid: Iberoamericana.- (C) Ruiz Antón, J. C. (1998). Curso de tipología lingüística. Enfoque funcional. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.- (C) Silva, A. Soares da. (org.) (2001). Linguagem e Cognição. A Perspectiva da Linguística Cognitiva. Braga: Ass. Portuguesa de Linguística & Universidade Católica Portuguesa.
Bibliografía complementaria	Lexenda: (A) Introducóns, (B) Presentacóns xerais, (C) Bibliografía específica.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacóns



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías